



ACTA DE REUNIÓN DE REUNIÓN EXTRAORDINARIA

NOME DO CONSELLO SECTORIAL: Ambiental

Nº de acta: 2/2017

Lugar da reunión: Salón de Plenos municipal

Data: 02/08/2017

Hora: 21:00h.

Están presentes as seguintes persoas e/ou entidades:

Óscar Benito Portela, Alcalde de Sada.

Xosé Luis Suárez Becerra, “Liss”, Concelleiro de Medio ambiente,

Juan Manuel Neira Fernández, en representación da Sociedade Galega de Historia Natural,

Mª Carmen García Fernández,

Mª Cruz Fernández,

Javier Pena García,

José Gayoso Babío,

Carlota López Fernández,

todas estas persoas son integrantes do Consello Sectorial Ambiental de Sada.

Dado o carácter aberto desta reunión, á cal podía asistir calquera persoa interesada, estiveron tamén presentes as seguintes persoas:

Raquel García Castelo,

Mª Dolores Mosquera Fuentes,

Carmen María González Teijo,

José Luis Otero Saavedra,

Marisa Laura Ríos Noya,

Susana García Castelo,

Roberto Maio Dosil,



Eulalia Fraga Martínez,

Sonia Brandón Areosa,

Belén Martínez Val,

Ángeles Gayoso López,

Mª Luisa López Castellanos,

Todas estas persoas manifestan o seu interese en integrarse neste Consello e entregan o correspondente documento de integración asinado.

Actúa como secretaria, Tamara Rubiños Varela, en representación de Deloga S.L., equipo técnico encargado da asistencia técnica desta reunión.

Trátase a seguinte **ORDE DO DÍA**, cun único punto:

1. Revisión da normativa municipal sobre benestar animal co fin de contar coas aportacións veciñais para a nova ordenanza.

O Alcalde de Sada presenta a sesión explicando o motivo de celebración desta reunión extraordinaria, aberta á cidadanía. Expón que en outubro de 2016 cambiou a Lei de Procedemento Administrativo, co cal correspondeu a realización dun borrador das leis que se queren aprobar posteriormente. Polo tanto, ao pleno ordinario do mes de novembro leváronse unha serie de normativas para aprobar no ano 2017. No segundo trimestre buscouse abordar esta ordenanza para poder aplicala xa en verán e así poñer solución ao problema dos excrementos de cans. Explica tamén que a nivel comunitario se está a elaborar unha normativa que podería entrar en conflito co que en Sada se lexislara, polo tanto a ordenanza debería esperar a que esta lei da Xunta estivera rematada.

O Alcalde aclara que non é o mesmo a vontade do Consello, que o que legalmente se poida levar a pleno e lexislar dende o Concello de Sada. Mais, si que estes aspectos se poderían trasladar ao Parlamento Galego. Por exemplo, non é unha competencia municipal prohibir espectáculos como unha tourada.

Na reunión anterior do Consello Ambiental quedaron tres cuestións pendentes de concretar:

- Posibilidade de utilizar algunha praia municipal para os animais.
- Opcións de área canina no territorio do concello: todas as áreas teñen pros e contras. O principal problema é que a maioría das áreas convenientes non son áreas públicas.
- Problema cos fogos artificiais.

Sobre estas cuestións, e outras que dende o público se consideren de interese en relación ao tema a tratar, ábrese a participación das persoas asistentes. Dende a moderación da reunión prégase que se realicen intervencións por orde de turno de palabra. Formúlanse as seguintes



suxestións sobre o borrador da Ordenanza Municipal de Protección dos Animais e Convivencia Responsable:

- 1) Javier: Opina que os cans deberían ir atados pola rúa pola súa propia seguridade. Por lugares abertos como parques o can podería ir libre sen ningún problema.
- 2) Javier: Opina que se debe fomentar que se faga un censo municipal autoxestionado de cans en Sada para tratar o tema do abandono ou o dos excrementos. Esta cuestión conta con bastantes opinións a favor.
- 3) Carlota: Opina que se se leva a cabo o censo, este non debería ser autoxestionado senón promovido ou feito dende o Concello de Sada. De non ser así, o rigor ou entidade do mesmo sería inferior.
- 4) Liss: Opina que todo o que soporte a ordenanza, debería intentarse que estea reflectido na ordenanza. Mais, pódense tratar todos os temas que se desexe no Consello, e na medida do posible pódense trasladar estes á Xunta.
- 5) Roberto Maio: Expón que no punto 6f) do borrador da ordenanza, referente a prohibicións, aparece reflectido a prohibición de celebrar calquera tipo de espectáculo con animais, o que opina, pecha a posibilidade á celebración de competicións ou concursos de beleza con cans. Considera que habería que matizar o artigo para que non se prohibiran espectáculos como estes con cans.
- 6) Outros artigos da ordenanza que Roberto Maio considera ambiguos ou que non aparecen cun nivel de detalle suficiente son:
 - Manter animais en instalacións indebidas dende un punto de vista hixiénico e sanitario. Opina que non queda claro que é e que non é o correcto.
 - Os cans non poden estar ata un máximo dunha hora no verán atrapados no coche. Considera que este tempo é demasiado xa que aos 15 minutos no coche, un can xa pode estar morto.
 - Os cans deberán permanecer limpos e desinfectados. Opina que debería engadirse que tamén deberían estar desinfectados e vacinados unha vez ao ano.
- 7) Cruz: Propón que se poñan sancións ás persoas propietarias de cans sen chip.



- 8) Liss: Manifesta que, administrativamente, as sancións comentadas como a anterior funcionan previa denuncia.
- 9) Proponse que a ordenanza faga referencia ao tema dos fogos artificiais. Algunhas propostas poderían ser: non tirar bombas de palenque no núcleo urbano, ou tirar fogos de artificio silenciosos.
- 10) Mara: Opina que os distintos colectivos deberían colaborar en temas de formación sobre educación e a responsabilidade de ser propietaria de animais domésticos.
- 11) Mara: Considera que deben buscar máis espazos e destinalos a áreas caninas.
- 12) Gayoso: Comenta que na redacción do artigo 6O *“dar de comer a animais salvaxes”* debería eliminarse o adxectivo *“salvaxes”*.
- 13) Gayoso: Opina que, respecto aos espazos e ás sendas peonís, se pode buscar un uso compartido para que os cans poidan ir soltos por eses espazos, debidamente sinalizados coas obrigas recollidas na ordenanza.
- 14) Gayoso: Manifesta que na redacción do artigo 14.1. se podería desenvolver máis o tema dos ruídos dos cans, engadindo dalgunha maneira que a xente que sofre molestias pode asistir ao Concello e obterá algún tipo de atención.
- 15) Gayoso: Propón facer xornadas de tema medioambiental en aspectos como educación e concienciación da poboación, algo que, explica, xa foi falado entre as persoas que forman parte deste Consello.
- 16) Dolores: Propón a obrigatoriedade de que os cans censados no municipio teñan que ter un chip. Complementaríase o censo co problema de carencia de chips.
- 17) José Luis: Expón que non é necesario facer un censo de cans en Sada. Xa hai un Rexistro Galego na Xunta con censos de cans a nivel municipal.
- 18) Dolores: Opina que a ordenanza debería intentar unha redacción na que se empregue menos a palabra *“prohibir”* e máis a de *“regular”*.
- 19) Dolores: Opina que debe vixiarse máis a existencia de excrementos na rúa que se producen de noite e nas primeiras horas da mañá.



- 20) José Luis: Opina que o censo de cans municipal non debe cobrarse, como ocorre no caso de Bergondo (18€).
- 21) José Luis: Comenta que no artigo 7 aparece que o chip é obrigatorio para todos os animais de compañía. Manifesta que hai que corrixilo, debido a que só é obrigatorio para cans.
- 22) José Luis: Opina que no artigo 8.2. hai que especificar que animais se poden ver ou non.
- 23) José Luis: Opina que no punto 12g) hai que cambiar e expor que os cans non poden quedar en ningún momento só nun coche ao sol.
- 24) José Luis: Manifesta que no artigo 13 hai que diferenciar espazos para cans “normais” e razas perigosas.
- 25) José Luis: Considera que debe tratarse de axilizar o servizo do centro de acollida de animais, e que cando se perde un can e logo aparece, deberíase comunicar inmediatamente ao dono a súa aparición e situación no centro de acollida.
- 26) José Luis: Considera que deben eliminarse a obrigatoriedade de vacinar aos cans, porque, expón, ningunha vacina é obrigatoria. Considera que se pode substituír por recomendar ou regular.
- 27) José Luis: Expón tamén que no artigo 27 debería cambiarse a orde das sancións: o primeiro punto debería ser o dano ao animal, e a partir de aí os demais puntos.
- 28) José Luis: Considera que deben incluírse nesta ordenanza todas as referencias posibles a outras ordenanzas que regulen posibles ocos na normativa.
- 29) José Luis: Opina que hai que prohibir e sancionar gravemente con determinadas cuestións como os excrementos de cans.
- 30) Raquel: Expón que deben aumentarse as posibilidades de que un can estea solto polo paseo marítimo, por exemplo cunha regulación horaria.
- 31) Raquel: Opina que debe fomentarse a existencia de zonas caninas, como un parque e praia para cans.

Sobre este último punto, o Alcalde expón que só ve probable que se asigne como praia canina, 24 horas, a praia de Arnela Pequena. En canto á área canina, expón que unha das zonas a valorar é na Rúa Betanzos.



O Alcalde propón que calquera persoa que o desexe empregue a canle de correo electrónico habilitada para os Consellos Sectoriais de Sada, participasada@gmail.com; para facer chegar aquelas suxestións a ter en conta na normativa a tratar.

Remata esta reunión sendo as 23:00h.